O pobre cinchador

Base indicada na letra **G – D – C – D**
Aplicación da mesma volta ao resto das seccións como acompañamento proposto.

Intro
G – D – C – D
Habia en Canido un mozo,
non moi dado a estudar,
marchou logo a Compostela
coa cabeza por armar.
Ficou soñando na estación:
“esta noite pinta amor…”
E os amigos en voz baixa:
“xa chegou o cinchador”.

Estrofa 1
G – D – C – D
Na casa dos estudantes
fixeron competición:
salchicha e cervexa fría,
ata perder a razón.
Unha, dúas, tres e catro,
ninguén sabía contar…
cando perdeu dixo rindo:
“imos de esmorga a brindar!”

Retrouso
G – D – C – D
Bebe, bebe cinchador,
enche o vaso sen temor,
que entre risas e licor
sempre mandas ti, señor.
Bebe, bebe cinchador,
canta alto esta canción,
que buscando amor perfecto
sempre atopas… confusión.

Estrofa 2
Nun bar vello en Compostela
coñeceu unha muller,
ollos negros, risa tola,
boa noite pra perder!
Bailaron ata que o día
veu chamar polo balcón,
e ao espertar dixo abraiado,
“de quen será este condón!”
G/D/C/D

Estrofa 3
G – D – C – D
E así foi media vida
entre festa e corazóns,
cada moza parecía
a mellor das ilusións.
Pero ao pouco tempo sempre
rompía aquela relación,
dicía: “non é a perfecta…
seguirei na expedición”.

Retrouso
G – D – C – D
Bebe, bebe cinchador,
que esmorga é o mellor,
entre risas e licor
mandas sempre si señor.
Bebe, bebe cinchador,
canta alto esta canción,
que buscando amor perfecto
sempre medra a confusión

Final
G – D – C – D
Agora anda polo Brasil
fotos cheas de calor,
a piscina e caipiriña
e nos mollados si señor!
Pasaron noites e risas,
fume, canción e licor,
e ao final baixa a cabeza:
“son un pobre soñador.”

Retrouso
G – D – C – D
Bebe, bebe cinchador,
que esmorga é o mellor,
entre risas e licor
mandas sempre si señor.
Bebe, bebe cinchador,
canta alto esta canción,
que buscando amor perfecto
“son un pobre soñador.”